

ACTA

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2022/6	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	30 de xuño de 2022
Duración	Desde as 20:32 ata as 22:18 horas
Lugar	Salón de Plenos
Presidida por	Verónica Tourón Domínguez
Secretaria	Berta Alonso Soto

ASISTENCIA Á SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Alejandro Rodríguez Canosa	SI
Ana Cristina Pérez Cabaleiro	SI
Joaquín Núñez Troncoso	SI
Lucía Pereira González	SI
María Dolores Castiñeira Alén	SI
Miguel González González	SI
Noelia Pérez Domínguez	SI
Primitivo González Souto	SI
Rubén González Coto	SI
Santiago Rodríguez Davila	SI
Verónica Tourón Domínguez	SI
Ángela Ledo Souto	SI



76897189R

Ángela Valcárcel Bernárdez

SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, a presidenta abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación das actas das sesións anteriores

Acta sesión número 2022/3 extraordinaria de 25 de marzo

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2022/3, extraordinaria de 25 de marzo enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

Sra. Pereira González: Na paxina catro no apartado referido ao capítulo IV, cítanse varios organismos e se fai referencia ao BDR cando é GDR.

VOTACIÓN: Non existindo máis observación á acta, pola Sra. Alcadesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2022/3, extraordinaria de 25 de marzo; sendo aprobada por DOCE votos a favor dos Sres/as Tourón Domínguez, González Coto, Ledo Souto, Castiñeira Alén, Rodríguez Canosa, Pereira González, González González, Rodríguez Davila, Núñez Troncoso, González Souto, Pérez Domínguez e Valcárcel Bernárdez e UNHA abstencións da Sra. Pérez Cabaleiro e por non asistir á sesión.

Acta sesión número 2022/4 ordinaria de 28 de abril de 2022

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante), a Presidenta pregunta se algún membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 2022/4, ordinaria de 28 de abril enviada a todos os membros da Corporación de acordo co art. 113.1.b) ROF.

VOTACIÓN: Non existindo máis observación á acta, pola Sra. Alcadesa sométese a votación a aprobación da acta da sesión nº 2022/4, ordinaria de 28 de abril; sendo aprobada por UNANIMIDADE DOS TRECE membros asistentes á presente sesión.



Expediente 1370/2022. Convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrència competitiva dirixidas ás comunidades de usuarios e usuarias de augas de consumo.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sr. González Coto: Voltamos a traer para aprobación polo pleno as bases para unhas axudas ás traídas de augas do noso Concello. É unha subvención en concorrència competitiva co obxectivo de mellorar a calidade do servizo. Con estas axudas poden facer actuacións como adquisición de material, realización de obras, adquisición de equipamentos, man de obra para algunhas actuacións ou reparacións, etc... Estas bases conteñen o mesmo que as do ano anterior, informan dos requisitos das solicitudes, da documentación achegar, os recursos, os prazos de publicación, os criterios de avaliación. É importante salientar que teñen unha aplicación orzamentaria que é a número 1621-48000, de 30.000€ que son do orzamento do Concello para o 2022. Sete comunidade de augas no 2021 xa se puideron beneficiar destas axudas para melloras e realizar actuacións nas súas traídas. Os informes son positivos e tamén hai que salientar que a contía dos límites das entidades beneficiarias que poden recibir son dun máximo do 70% do orzamento que presenten, con IVE incluído e como máximo a recibir de 5000€ por comunidade, para poder chegar a máis traídas e non que só recollera unha esta subvención municipal para mellorar o servizo.

Sr. Núñez Troncoso: O que se trae aquí a pleno é algo xusto si temos en conta que as comunidades de augas realmente están facendo unha función que lle corresponde ao Concello, como é o abastecemento de auga aos veciños de todas as parroquias, polo tanto é algo xusto o que aquí se está propondo, este grupo xa o contemplaba no programa electoral no 2019, axudar ás traídas de augas, polo tanto estamos de acordo con esta proposta.

Sra. Castiñeira Alén: Pouco que engadir ao dito polo compañeiro Rubén e polo compañeiro Joaquín, creo que os tres grupos políticos o levabamos no noso programa electoral e ademais é xusto, que tamén apuntaba o concelleiro do Partido Popular, que é de obrigado cumprimento o abastecemento da administración local, debería ser a administración local quen o xestionase, sabemos que historicamente, menos mal, contamos coas traídas veciñais que foron desenrolando a rede de subministro de auga nas nosas parroquias e agora creo que é de xustiza seguir axudándoos con estas subvencións, ademais subvencións que se crearon por primeira vez o ano pasado e que se seguen a manter neste ano 2022 apesares da redución no orzamento, o Concello e estou segura que toda a Corporación, quere facer esa aposta por seguir mantendo estas subvencións apesares de que como dicía o orzamento é inferior. Se beneficiaron o ano pasado diferentes colectivos, supoño que este ano tamén acudiran a esta orde de subvencións das traídas, hoxe damos ese pasiño de rigor e necesario de pasar as bases pola sesión plenaria.



Sra. Alcaldesa: Como están de acordo os voceiros dos tres partidos que formamos esta Corporación, é o segundo ano que traemos esta liña de axudas que conta con un orzamento de 30.000€ tamén por segunda vez, o que se pretende por este equipo de goberno é axudar as comunidades de usuarios e usuarias de traídas de augas para que poidan prestar un mellor servizo a veciñanza que ao final é un mellor servizo para todos e todas. Paso a dar lectura da proposta de acordo seguinte:

“Vistas as bases reguladoras da concesión das devanditas subvencións, que teñen por obxecto apoiar e promover, en réxime de concorrencia competitiva, a concesión de subvencións entre as Comunidades de Usuarios/as de Augas de Consumo que presten servizos no ámbito municipal do Concello Salceda de Caselas e que durante o ano 2022 realicen investimentos nas traídas veciñais, así como fomentar o asentamento no rural e dinamizar o asociacionismo veciñal.

Non obstante o disposto no informe de Secretaría núm. 2021-0019 e no informe de Intervención núm. 2021-0126 e efectuada a corrección da composición da Comisión técnica de avaliación nos termos indicados no sinalado informe de Secretaría.

De conformidade co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, PROPOÑO ao Pleno a adopción do seguinte:

ACORDO:

PRIMEIRO. *Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrencia competitiva dirixidas ás comunidades de usuarios e usuarias de augas de consumo do concello de Salceda de Caselas para a realización de melloras das instalacións durante o ano 2022, co texto que figura nas bases anexas á presente proposta de Resolución.*

SEGUNDO. *Aprobar o gasto de 30.000,00 euros, ao que ascende o importe da subvención, con cargo á partida orzamentaria 1621/48000.*

TERCEIRO. *Rexistrar a información a incluír na Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria e do seu extracto. “*

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta, esta resulta aprobada por **UNANIMIDADE** dos **TRECE** membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO. Aprobar a convocatoria para a concesión de subvencións por procedemento de concorrencia competitiva dirixidas ás comunidades de usuarios e usuarias de augas de consumo do concello de Salceda de Caselas para a realización de melloras das instalacións durante o ano 2022, co texto que figura nas bases anexas á presente proposta de Resolución.



SEGUNDO. Aprobar o gasto de 30.000,00 euros, ao que ascende o importe da subvención, con cargo á partida orzamentaria 1621/48000.

TERCEIRO. Rexistrar a información a incluír na Base de Datos Nacional de Subvenciones (BDNS) polos medios electrónicos que esta proporcione, acompañada do texto da convocatoria e do seu extracto.

Moción para instar ao Consorcio Galego de Benestar a construción dunha 2ª escola Infantil e un centro de día.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Sra. Castiñeira Alén: Antes de pasar a exposición quería sumar os tempos, os cinco minutos de exposición e os cinco seguintes de intervención. Paso a dar lectura a Moción presentada:

Da lectura á seguinte moción:

“De acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e no Regulamento Orgánico Municipal do Concello de Salceda de Caselas o Grupo Municipal de Movemento Salceda desexa someterá consideración do Pleno a seguinte MOCION:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Salceda de Caselas ten a sorte de ser unha das vilas con maior índice de natalidade de toda Galicia, polo que as diferentes administracións deben unir esforzos en ofrecer servizos de calidade para os nenos e nenas. As prazas da única escola infantil pública de Salceda resultan a todas luces insuficientes tal como demostran os datos, con 37 nenos/as en lista de agarda para o curso 2021/2022, 13 dos cales son de Salceda..

Actualmente a Xunta de Galicia está a diminuír as cifras das listas de agarda coa sufragación dos gastos en escalas infantís privadas, cando a aposta debería ser a de construír novas escalas públicas, por exemplo no noso Concello.

Xa o 6 de agosto de 2018 representantes municipais mantiveron unha xuntanza co Xerente do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, Perfecto Rodríguez, para trasladarlle a necesidade dunha segunda escola infantil pública en Salceda de Caselas. O Xerente do Consorcio amosouse de acordo coa necesidade dunha segunda escola infantil no noso Concello, polo que o 10 de agosto de 2018 o Concello de Salceda enviou anteproxecto para o seu estudo e aprobación por parte



de dito Consorcio, e o 27 de setembro enviouse proxecto básico para a construción dunha nova escola infantil en Salceda de Caselas, solicitando tamén a emisión do correspondente informe sectorial. A día de hoxe non temos noticias de que se estea a xestionar a construción desa segunda escola infantil pública en Salceda de Caselas.

Pero se as infraestruturas para a infancia resultan fundamentais para unha vila como Salceda, o certo é que tamén o son as dirixidas ás persoas maiores, polo que o Concello de Salceda de Caselas non pode pasar máis tempo sen contar con un Centro de Día no municipio, que evite o desprazamento das nosas persoas da terceira idade a Concellos da contorna para poder cubrir esta necesidade. Por este motivo, o Concello de Salceda participou na convocatoria de subvencións dirixidas a este fin, sen que ata o de agora se obtivese tampouco resposta algunha.

A veciñanza do noso Concello, a través das asociación que representan estes colectivos, ten amasada a súa unión en canto a estas reclamacións se refiren, nunha mostra de traballo man a man por parte de diferentes colectivos. Unha vila como Salceda de Caselas, das poucas con crecemento vexetativo positivo en Galicia, precisa dunha res- posta acorde ás súas necesidades por parte das demais administracións, e máis aínda se se trata de temas tan delicados como a atención á infancia ou á terceira idade.

Consideramos preciso reiterar unha vez máis estas reclamacións, e consideramos preciso facelo dende o Pleno do Concello de Salceda de Caselas, deixando constancia ademais do apoio das seguintes asociacións e colectivos nunha nova mostra de unidade do noso pobo:

- **ANPA** Os/as Meniños/as de Salceda (Escola Infantil A Galiña Azul)
- ANPA As Landras (CRA Raíña Aragonta)
- ANPA Altamira (CEP Altamira)
- **ANPA** Pantel (IES Pedras Rubias)
- SAPIX (Salceda pola Infancia e a Xuventude)
- AFAGA (Asociación de Familiares de enfermos/as de Alzheimer e outras demencias de Galicia)
- Asociación de Xubilados/as e pensionistas de Salceda
- Asociación de Mulleres Rurais de Salceda
- PSdeG-PSOE de Salceda
- Partido Popular de Salceda

En vista do exposto, solicitamos do Pleno do Concello de Salceda de Caselas a adopción dos seguintes acordos:

- *Instar ao Consorcio Galego de Benestar a construción dunha segunda escola infantil en Salceda de Caselas, así como do que será o primeiro Centro de día do municipio.*



- *Dar conta do presente acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e ao Consorcio de Benestar.*"

Sra. Castiñeira Alén: Dada lectura a moción, quero explicar o porqué desta moción a pleno. Movemento Salceda ten claro que a unión fai a forza ,creo que o temos claro todos e todas e esta moción ten que ser precisamente un exemplo diso, de sumar esforzos involucrando ademais a todos os colectivos sociais do noso Concello e os Grupos Políticos da nosa Corporación e creo que ademais que se ten que facer sen posicionamentos ideolóxicos.

Movemento Salceda, como ben estades informados os portavoces dos partidos, iniciou os contactos para traer esta moción a pleno que só buscaba un obxectivo, o obxectivo era deixarse de polémicas nas redes sociais, prensa... lograr ese gran fronte común que era construír os servizos que Salceda se merece, dúas infraestruturas tan necesarias como a Galiña Azul e o Centro de día, dúas demandas que ademais están pendentes do OK do Consorcio de Igualdade e Benestar da Xunta de Galicia.

Esta moción presentase íntegra, tanto a Verónica, como a Santi, como ao resto dos colectivos se lles achegou así sen modificacións, tal como foi enviada a todos os colectivos, tráese a este pleno, precisamente para a probación dese texto. As persoas representantes dos diferentes colectivos tiveron que trasladar o documento ás directivas, contar co seu consentimento e moitas delas incluso realizaron reunións para tomar unha decisión e unirse ou non a esta moción. Quería aclarar este aspecto porque o PSOE solicitou introducir emendas ao texto uns días antes de rexistrar a moción, máis non foron recollidas por Movemento Salceda porque supuña a alteración do texto que lle remitimos ao todos os colectivos, texto que foi o consentido polos colectivos e polos partidos políticos e polo tanto Movemento Salceda por respecto, por seriedade e por coherencia non imos a modificar. Aclarar tamén, creo que sempre estivo claro que Movemento Salceda de maneira pública deixou claro o posicionamento da necesidade da solicitude dunha segunda Galiña Azul para o noso Concello. Quero que quede claro que vamos a seguir loitando por esa infraestrutura con todas as nosas forzas, todos e todas sabemos que esta polémica se suscitou, logo da solicitude por parte da Alcaldía e da Concellería de Benestar dunha subvención para a construción dun centro de día na parcela que tiñamos reservada e ofrecida ao Consorcio de Benestar para a segunda Galiña Azul, pero queremos deixar moi clariño, unha vez máis, que esta Galiña Azul, a segunda, creo que por parte de todos e todas, é irrenunciable. Esta necesidade ademais foi aprobada xa nesta sesión plenaria co apoio de varias asociacións logo de que estes colectivos levaron un traballo tremendo para conseguir este servizo, nós trouxémoslos a esta sesión plenaria, foi aprobada esa solicitude e sempre, tamén deixamos claro que en ningún momento estamos en contra da construción dun centro de día, solo faltaría, unha infraestrutura sumamente necesaria que xa levabamos no programa electoral pero creemos e así o manifestamos, que de ningún xeito a ubicación tiña que haber sido na parcela reservada da segunda Galiña Azul, a



única dispoñible nese momento de solicitude da subvención. Incluso creo que co afán de sumar, de ofrecer de conseguir obxectivos, Movemento Salceda propuxo outras alternativas para o Centro de día como as vellas escolas unitarias sen uso, son edificios municipais que moitos deles están sen uso e permitirían unha atención das nosas persoas maiores, consideramos que dunha forma máis personalizadas e sen desprazalos do seu entorno, das súas parroquias. Temos un bo exemplo no centro AFAGA na Vendanova e creemos que é un bo exemplo e creemos que tamén é positivo descentralizar certos servizos sobre todo cando se trata das nosas persoas maiores.

Recentemente, é certo que a Xunta de Goberno deu un pasiño máis coa aprobación inicial da reparcelación do polígono II do PERI-UE 02, demos ese pasiño máis para ter esa segunda parcela, un proxecto ademais que creo que moitos dos concelleiros e concelleiras que estades aquí e que xa formabades parte da Corporación foi aprobado inicialmente no ano 2008 porque foi necesario por unha parcela de 3.000m² para o novo centro de saúde e unha parcela que foi cedida en maio de 2011 tras unha ocupación directa foi cedida ao Sergas, logo decidiuse modificar ese PERI para configurar a estrutura que actualmente coñecemos, esa modificación creiamos que era para maior aproveitamento, foi aprobada definitivamente o 8 de abril de 2014 en sesión plenaria. Chegou a lexislatura do 2015, que como sabedes foi unha lexislatura en minoría, con moitas dificultades e ata agora estaba pendente a reparcelación, que por fin deu este pasiño un pouquiño máis con esa aprobación inicial. Queda moito, moitísimo por facer, traballar neste PERI buscando precisamente financiamento que non vai ser sinxelo. Insto ao Partido Popular e á Xunta de Galicia a que tendan a man a buscar financiación, van ser precisos case un millón de euros ou máis para o desenrolo na súa totalidade deste PERI, dotalo dos servizos necesarios para que a parcela poida cumprir os requisitos, ser cedida ao Consorcio e conseguir así todos os servizos que son necesarios, grazas a todos, PSOE, Partido Popular e sobre todo grazas ás oito asociacións que se uniron, creo que con un posicionamento claro e firme de unir esforzos de conseguir o obxectivo de ter estas dúas infraestruturas, cando os servizos son necesarios para a veciñanza todos e todas facemos falta.

Sr. Rodríguez Davila: O noso Grupo vaia a apoiar e o noso voto vai ser favorable a esta declaración de acordo político e plenario de solicitar unha Galiña Azul e un Centro de Día para o noso Concello. O noso Grupo, o maioritario desta Corporación, apoia esta e está de acordo con cada unha das letras, liñas e co acordo final que se propón nesta moción, en consecuencia ratificamos, avalamos, apoiamos o poder ter no noso Concello estas dúas infraestruturas. Estamos de acordo porque dende fai anos e máis concretamente dende o agosto do ano 2018 o fixemos público, a necesidade destas dúas infraestruturas, o plasmamos no programa electoral de maio do ano 2019 e que foi votado e apoiado nas urnas masivamente polos veciños de Salceda, fomos o único partido que dixo e falou das dúas dotacións e onde facelas. Reitero, as dúas con ubicación exacta, das dúas tiñamos a idea, tiñamos os terreos e a decisión política de levala a cabo. Queremos aquí tamén recoñecer e agradecer o



apoio dos diferentes colectivos. Por certo, votamos de menos algúns colectivos como poden ser asociacións veciñais, que como ben din as súas palabras, representan moitos veciños de todas as idades e que consideramos que vostedes están impedindo que estes colectivos estean sumando e apoiando. Como digo que esta boa iniciativa, que estes colectivos de boa fe, que se suman a esta boa causa aínda que de seguro non se lles dixo por parte da Sra. Ex-Alcaldesa, Sra. Castiñeira, que a día de hoxe o Concello só dispón dunha parcela e polo tanto non é posible solicitar dúas necesidades de infraestruturas cando so se dispón, como digo, a 30 de xuño deste ano, dunha única parcela. Había un acordo plenario, nós nos preguntamos para que serven os acordos plenarios si o goberno logo rompe con eles e os tira a papeleira e polo tanto, como digo, a día de hoxe estamos noutro escenario diferente e novo. Sería bo e conveniente que nos dixera que é o que defenden e que pretenden construír por parte da Ex-Alcaldesa e os seus compañeiros de Movemento Salceda na única parcela que temos a día de hoxe. Segue mantendo e defendendo que esa parcela é e será destinada á Galiña Azul tal e como se acordou en Pleno? Porqué estamos falando hoxe aquí deste asunto? Primeiro, porque o Grupo Popular fixo pública a intención do Goberno respecto da utilización da parcela para outro fin. Segundo porque o Goberno bipartito PSOE-Movemento Salceda discrepou abertamente e publicamente respecto desa decisión do goberno do que supostamente forman parte os membros deses dous partidos políticos; ou ben non se falan ou ben unha parte do goberno non está de acordo ou ben non sabían da petición por parte da Alcaldesa ou ben sabendo desa petición se desmarcou sendo unha falta de lealdade, ao noso entender. Movemento Salceda creo humildemente que está sendo un pouco desleal co seu socio de goberno, inicia un sálvese quen poda que eu non quero ser aquí o malo malísimo desta historia. Porqué esta moción Sra. Dolores Castiñeira? Vostede que saibamos forma parte do goberno ou non? Porque vai vostede por libre ao marxe do goberno do que é vicepresidenta. Séndolle sincero, vostede está no goberno pola mañá e fai oposición ao goberno pola tarde e os fins de semana. Da a sensación de que cando hai que tomar decisións incómodas ou que veñen mal dadas vostedeponse a un lado ou de perfil, para esperar a mellor ocasión onde a foto saía mellor, cando máis brille o sol. O populismo a verdade é que lle vai moi ben, non cree vostede que está a ser un pouco desleal cos compañeiros do Partido Socialista? A nós non é que nos preocupe politicamente esta acción por parte de vostede o que nos preocupa é que esta falta de entendemento entre vostedes, entre o Partido Socialista e Movemento Salceda, ten consecuencias para os veciños e o pagan todos os veciños, e polo tanto a enerxía que vostedes deberían procurar en ocuparse e preocuparse por darlle solucións aos salcedenses e aos problemas que teñan a diario, están vostedes dedicándolle todo ese tempo a contrarrestar a súa adversaria política, en facer todo o posible para desmerecer o traballo da Alcaldesa para facerlle ver e lucirse e para ser protagonista onde non foi chamada a selo, en definitiva non vaia a ser que a Sra. Verónica Tourón vaia a pasar como mellor Alcaldesa que eu e polo tanto deixe de ser a máis lista de clase. Un pouquiño máis de seriedade Sra. Castiñeira e rigor, que vostede é membro de ese pacto de amor-odio entre Movemento Salceda e o PSOE. Agora quérote, agora non, agora che sonrío, agora non che sonrío.



Isto é unha chiquillada, os veciños de Salceda están perplexos ante este sen sentido e polo tanto lle pedimos un pouco máis de rigor, ou están no goberno ou non están no goberno, as dúas cousas non se pode xogar. Por iso Sra. Dolores Castiñeira, señores membros da Corporación, o que queremos é que se aclaren entre vostedes para logo pedir unidade e aínda así, a pesar das discrepancias que vostedes teñan respecto desta decisión, nós estamos de acordo nesta petición, estamos de acordo con esta declaración política da necesidade das dúas infraestruturas para o noso Concello a pesares, de que como digo, o goberno estea dividido e non teña empezado a casa por non ter os terreos onde ubicar e poder construír dita casa. Refírome ás dúas infraestruturas, o terán no futuro, seguro que si e esperemos que canto antes, pero a día de hoxe so o Concello ten esa propiedade e so unha construción destas dúas se pode ubicar nese terreo.

Sra. Alcaldesa: Vou centrarme na moción da Galiña Azul porque como todos e todas sabemos, logo comparecerei polo do Centro de Día e xa terei tempo para centrarme nesa parte. Adianto antes de nada, que si que vamos a apoiar a moción pero si que quería aclarar o seguinte, considero que unha moción deste tipo como dicía a portavoz de Movemento Salceda, entendendo que quere o apoio de todos os colectivos que aí se mencionan, incluído o Partido Socialista, considero que unha moción deste tipo non se constrúe así, creo que se constrúe presentando unha proposta, deixando que eses colectivos e partidos aos que se lles promove esa proposta poidan engadir e facer aportacións, creo que iso si é sumar e iso si é contar cos colectivo. Neste senso, simplemente quería dicir que na nosa pretensión, tal como dicía a portavoz de Movemento Salceda, era engadir dous parágrafo que son os seguintes: poñer que o 11 de maio de 2022 reiterouse esta petición dende o Concello de Salceda de Caselas solicitando unha xuntanza coa xerencia do Consorcio Galego do Servizo de Igualdade e Benestar. Despois de cando se fala da Galiña Azul e despois de cando se fala do Centro de Día a nosa aportación era: neste senso o Concello de Salceda de Caselas presentou o pasado 21, ante a apertura dunha liña específica, unha solicitude de participación dentro de plan de investimentos para a construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais con cargo a fondos europeos ante o Consorcio Galego de Servizo de Igualdade e Benestar, un proxecto de construción de Centro de Día que sería subvencionado por este plan de investimentos, dando cobertura así a necesidade de dotacións que ten Salceda para atender as nosas persoas maiores.

Eu vai por diante o agradecemento a todos os colectivos que apoiaron esta moción, darlle as grazas, creo que todos e cada un deses colectivos estaría de acordo en engadir estes dous parágrafos a esta moción si ben, como dicía antes, unha vez que non se engadiron nós nos vamos a sumar.

A postura dende o primeiro momento, tanto a miña como Alcaldesa como a do Partido Socialista foi clara, salientei dende un primeiro momento que as dúas infraestruturas, Galiña Azul e Centro de Día, son indispensables para Salceda, non



renunciei en ningún caso a ningunha delas nin o farei xamais. Temos unha poboación infantil de 0 a 3 anos importante que necesita esa infraestrutura e temos máis de mil cincocentas persoas maiores que necesitan tamén o centro de día. Engadir tamén que o PSOE introduciu por varias veces iniciativas, con respecto da segunda Galiña Azul, no Parlamento de Galicia e a resposta da Xunta foi a seguinte, á que metemos en xaneiro a Xunta contestounos textualmente: *“no que respecta ao Concello de Salceda de Caselas, na actualidade conta cunha escola infantil da rede Galiña Azul que se xestiona en virtude dun convenio formalizado co Concello en 2008 e polo de agora non existe ningún expediente aberto para a construción dunha segunda escola infantil no devandito Concello”*. Resposta da Xunta o 22 de xaneiro á iniciativa do Partido Socialista, o 3 de marzo, volven a respostarnos sobre outra iniciativa que ven dicindo que van a poñer en marcha a gratuidade das escolas infantís e que xa contamos cunha, co cal estudarán si de verdade é necesaria ou non abrir ese expediente e ter unha segunda Galiña Azul.

O 11 de maio como dicía antes, esta Alcaldesa en nome de todo o equipo de goberno volveu a facer unha petición á Xunta de Galicia para ter unha reunión e ver como analizar a situación, a ver si había algún avance na solicitude dunha segunda Galiña Azul, que non se nos respondeu. Xa por último, o 22 de xuño houbo unha asemblea do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade na que estiven presente, a través de videoconferencia como foron convocados os Alcaldes e Alcaldesas, na que se trataron os orzamentos da Xunta e insistiron e recalcaron que o aumento de 2,3 millóns de orzamento do Consorcio para este ano 2022 ía destinado integramente á gratuidade das escolas infantís e so ían dedicar a inversións, tal como se reproduce no orzamento do consorcio, 100.000€ a equipamentos varios e 87.922€ ao equipamento da escola de A Garda, que non había ningunha inversión máis.

Por último dicir, insisto, é necesaria unha segunda escola infantil, a lista de garda definitiva para o ano 2022-2023 son de 19 nenos e nenas, dito todo isto, que non existe sequera expediente aberto na Xunta de Galicia nin entra, como ben se dixo na asemblea que acabo de mencionar, licitación e construción dunha nova Galiña Azul. Eu mesma como Alcaldesa, xa reclamamos de novo outra Galiña Azul, seguiremolo facendo, consideramos que é un servizo imprescindible para Salceda, 341 nenos de 0 a 3 anos a data 28 de abril deste ano é suficiente argumento para reclamarlle a Xunta unha segunda Galiña Azul ao igual que é suficiente argumento 1500 persoas maiores de 65 anos para solicitar un Centro de Día, e por iso elaboramos o proxecto na liña de axudas tal como explicarei na comparecencia que teremos a posteriori. Así ao meu entender a Xunta ten os dous proxectos nos seguiremos loitando, creo que en conxunto, todas e todos, por eses dous proxectos. Pídlle á Xunta de Galicia que teña en conta, e aos compañeiros do Partido Popular, esta proposta que ademais dixo que ían estar totalmente de acordo e que a Xunta de Galicia leve a cabo estas dúas infraestruturas necesarias para Salceda.

Sra. Castiñeira Alén: Non deixo de sorprendeme, non deixo de sorprendeme porque eu considero á compañeira Verónica unha persoa moi intelixente, moi



capacitada para defender este punto como fixo sen necesidade de que Santi, o portavoz do Partido Popular, se esforzara desta maneira nin sequera de acusar a Movemento Salceda, senón a Loli Castiñeira directamente, é sorprendente. Verónica e eu formamos parte dun equipo, un equipo que está conformado por dous partidos políticos diferentes e creo que a nosa liña de coherencia sempre foi a mesma e si, discrepamos en moitas cousas pero ambas as dúas temos claro que os obxectivos son comúns e vamos directos a eles. Os obxectivos son comúns e vamos directos a eles, que hai discrepancias, si, vostedes seguro que están acostumados a facer as cousas doutro xeito, nós facémolas así porque discrepar é san, é san e máis cando se lle conta a versión de cada quen ao pobo. Non pasa nada Santi, non busque fisuras onde non as hai, porque claro, non tivo sorte estes tres anos e agora o está intentando pero non, non vas a ter esa sorte.

Encantárame que as asociacións veciñais, comunidades de montes, todos os colectivos de Salceda se sumasen a esta moción, de verdade, causoume esforzo en coordinalo e que todo fose ben, é difícil coordinar a todo o mundo, todo o mundo ten que pasar os procesos coas súas directivas, consultalo, incluso houbo xente que tivo as súas asembleas e incluso tiven que ir a explicar a moción a algunha das asembleas e reunións. O proceso non foi fácil, encantadísima de que se sumen todos os colectivos que me quedaron por avisar, cría que o eido educativo e o eido relacionado coas persoas maiores eran os máis indicados para unirse así, cría que era así, humildemente igual me equivoquei ademais creo que era un pouco falla de tempo para traela.

Movemento Salceda di claramente, fíxoo público en roda de prensa, que a Galiña Azul é irrenunciable e ademais é irrenunciable na parcela na que se lle concedeu ao Consorcio, isto é así, non creo que o poida dicir nin máis alto nin máis claro. Discrepancias, xa llo dixen antes, as discrepancias son sas, sempre e cando sirvan para a mellora do pobo e Movemento non é desleal, sígao intentando, queda menos dun ano igual ata o consegue. En canto ao das fotos ata queda un pouco ridículo Santi, póñoche un exemplo, na última visita das piscinas estabas ti e non estaba eu, eu non me pelexo polas fotos e máis moitas veces priorizo outras cousas que a foto coma neste caso unha viaxe que tiña planeado para ver un concerto coas miñas amigas durante fai un montón tempo e non quería fallarlles. Ás veces a foto non o son todo, as cousas son así, non diga iso porque ata queda mal ou é polo feito de que son muller, ao mellor e por iso, non ser a lista da clase é unir esforzos para acadar un obxectivo e non desvíe a atención, pon o foco onde ten que polo que é na Xunta de Galicia, que é quen ten que conceder estas dúas infraestruturas a Salceda, non desvíe a atención.

Sr. Rodríguez Davila: Quen non vai a estar de acordo con estas dúas peticións? Isto é como si lle preguntamos a un neno si lle parece ben ou si está de acordo en que se lle celebre a súa festa de cumpreanos, que creen vostedes que vai contestar ese cativo? Que si, é exactamente o que contestaron todos os colectivos e o que contestamos todos os membros desta corporación, quen é o que non vai a estar de acordo en



solicitar e pedir estas dúas infraestruturas? Outra cousa ben diferente é si temos os terreos para pedir esas dúas infraestruturas, cousa que a día de hoxe non o temos, como queren vostedes que haxa unidade, que a hai a este respecto, cando vostedes non a teñen internamente no goberno. Claro que é bo discrepar, pero terán que discrepar internamente para logo publicamente saír unanimemente sobre o mesmo posicionamento, o que non pode ser é discrepar pública e internamente e logo pretender que os demais nos sumemos a algo contradictorio, un acordo plenario unánime que logo a Alcaldesa pide outra cousa sobre a mesma parcela e vostedes seguen defendendo aquel acordo plenario. Póñanse vostedes de acordo para que os demais poidamos seguirilles. O que sucedeu foi que este grupo destapou o que supostamente vostedes pretendían ter caladiño e por iso non lle quedou máis remedio que posicionarse publicamente. Merecen os salcedenses ter un goberno que lle oculte un tema tan importante como este e non saiban a verdade do que o goberno se trae entre mans, das discrepancias e das solicitudes sobre unha única parcela para dúas dotacións totalmente diferentes? Creo que é pouco serio e pouco rigoroso. Aí está a hemeroteca, tanto a prensa escrita como a disputa nas redes sociais que non ten desperdicio, do que vostedes mesmos se tildaron mutuamente. Creo que é claro e evidentemente as discrepancias do goberno e nós lamentamos que publicamente vostedes non teñan unha posición concreta e única ao respecto destas dúas peticións.

Non podemos facer sobre unha mesma parcela dúas dotacións, un pai que ten unha única parcela non lla pode dar a dous fillos para facer dúas casas diferentes e iso é o que vostedes fixeron aquí nos últimos meses, pedir dúas dotacións que Salceda necesita e que todos estamos de acordo en solicitalas, sobre unha única parcela que temos a día de hoxe. Poderá haber máis no futuro, por suposto que si e o desexamos canto antes, agora a 30 de xuño do ano 2022 o Concello so ten rexistrada unha parcela, que é a que existe ao lado do centro médico para a cal había un acordo plenario para pedir unha Galiña Azul e que a Alcaldesa coa que forma vostede goberno solicitou un centro de día formalmente, vía petición de subvención, polo tanto esa é a realidade.

Todo o noso apoio e toda a nosa colaboración cando as cousas se fagan con rigor e seriedade, presenten vostedes a segunda solicitude como fixeron co Centro de Día, formalmente, con documentación amparada por informes xurídicos e urbanísticos e aí estaremos todos de acordo, como o estamos nesta declaración política e plenaria en pedir esas dúas infraestruturas á Xunta de Galicia.

Sra. Alcaldesa: Aclarar dúas cousas. Primeiro, non se cedeu unha parcela á Xunta de Galicia para a Galiña Azul, presentouse un proxecto da Galiña Azul nunha parcela pero non se cedeu unha parcela á Xunta de Galicia, por si urbanisticamente non temos os conceptos claros. Segundo, paréceme increíble escoitar que o goberno se trae entre mans non sei que , por pedir un centro de día, non traemos nada oculto, presentouse o centro de día como darei explicacións mas adiante, se presentou nas



condicións que nos esixía a Xunta de Galicia e despois comparecerei sobre ese tema. Seguidamente pasamos a votación desta moción.

VOTACIÓN: Sometida a votación a moción, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión, adoptándose o seguinte ACORDO:

- Instar ao Consorcio Galego de Benestar a construción dunha segunda escola infantil en Salceda de Caselas, así como do que será o primeiro Centro de día do municipio.
- Dar conta do presente acordo á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia e ao Consorcio de Benestar.

Expediente 1598/2022. Salcedenses Distinguidos/as 2022 (URXENCIA)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

VOTACION URXENCIA: Sometida a urxencia o asunto de “Salcedenses Distinguidos/as 2022”, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros asistentes a esta sesión, pasándose polo tanto a tratar o asunto.

Sr. Rodríguez Canosa: Un ano máis conmemorando as Festas do Cristo 2022, o 17 de xuño de 2022 celebraremos o acto cívico de Salcedenses Distinguidos e Distinguidas, un acto no que ano tras ano queremos recoñecer a labor que tres persoas realizaron durante a súa vida a prol do beneficio da veciñanza de Salceda, da dinamización e da mellora do noso Concello.

Este ano traemos ao pleno, tal como marca o Regulamento, a proposta para a concesión destas distinción. En primeiro lugar, queremos propor a Rosa Bouza Tellado, veciña do Cerquido-Budiño, por toda unha vida dedicada ao eido empresarial no que tradicionalmente as mulleres non adoitaban participar, que é o sector do granito, a través da empresa que todos coñecemos que é Granitos Celgón. Outra das persoas que queremos propor é M^a Jesús Giraldez Ferreiro, por toda unha vida dedicada ao sector do comercio e máis concretamente a unha librería, por ser unha das librerías históricas de Salceda ata que se xubilou rexentando a “Librería Lemos”. O terceiro da proposta é a de Emilio Rodríguez Lorenzo, por toda unha vida dedicado ao sector da hostalería, que herdou, mantivo e pasou ao seu descendente e dun negocio histórico en Salceda como era e é o bar e a pensión Central, ademais da súa clara vinculación histórica co eido asociativo. Son tres persoas que creemos que merecen ser recoñecidas como salcedenses distinguidas e distinguido por toda unha vida contribuíndo á dinamización e á mellora de Salceda dende o eido empresarial, dende o eido comercial e dende o eido da hostalería e asociacionismo.

Sr. Rodríguez Davila: Un ano mais, como se dixo, o noso grupo non vai poñer ningún impedimento, así o dixemos tamén na proposta de urxencia tal e como manifestou



na tarde de onte a Sra. Alcadesa ao respecto, e polo tanto creo que pouco máis que engadir, recoñecer o sacrificio de tantos homes e mulleres ao longo da historia para ter o noso pobo con diferentes servizos de diferente índole. Creo que aquí se está recoñecendo o traballo e a implicación dunha muller do mundo da construción a través do granito. Dunha muller que tanto tivo que atender e aturar, no bo sentido da palabra, os cativos no inicio de curso que imaxino que saturarían con preguntas así como con demandas de diferentes tipos de bolis, de libretas e tamén a ese home que durante tantos anos, tempo, horas e horas dedicadas ao mundo da hostalería, fixo dese bar un referente, non só no noso Concello senón tamén na comarca ao longo de tantas décadas, que a súa vez viña do anterior propietario que era o seu pai. Polo tanto, o noso apoio e non hai discrepancia ao respecto o voto unánime que vai ser da Corporación un ano máis destas persoas que ao final, nós como membros da Corporación a veces non se nos debería esquecer, creo que a ninguén se nos esquece, que representamos a todos e a cada un dos veciños de Salceda, e a veces en actos públicos, etc... En canto á forma, quero pensar non intencionada, non se ten en conta que aqueles que representamos a todos os veciños, que somos os trece mulleres e homes que aquí estamos sentados neste salón de plenos e a todos nós se nos debe e debémonos a todos e a cada un dos veciños salcedenses. O noso apoio a esta proposta e esperemos que ese día da festa do Cristo teñamos un bo día para poder celebrar todos xuntos en concordia e harmonía arredor de esa celebración da festa do Cristo.

Sra. Alcadesa: Esta proposta de homenaxear a estas tres persoas foi adiantada por min aos dous grupos onte, agradezo que pese a esta premura todo o mundo estea de acordo e que poidamos traela a pleno, a veces o tempo na xestión faise curto e chegamos encima do tempo pero sobre todo, moitísimas grazas por atendela. Estas tres persoas Rosa Bouza Tellado, Emilio Rodríguez Lorenzo e M^a Jesús Giráldez Ferreiro, eu como Alcadesa vou facer miñas as palabras tanto do Concelleiro de Cultura Álex, como do portavoz do Partido Popular, súmome as vosas palabras sobre elas. Eu creo que homenaxear a estas tres persoas, a súa traxectoria vital, é tamén facer unha homenaxe á historia de Salceda e a todas e todos os veciños. Só me queda agradecer que se sumaran, que aceptaran esta proposta e desexar que os veciños e veciñas gocen deste acto e tamén do resto das Festas do Cristo, unhas festas que esperemos que sexan caracterizadas por volver a esa ansiada nova normalidade. Paso a dar lectura a proposta de acordo seguinte:

“Homenaxear como Salcedenses Distinguidas/os no acto cívico a celebrar o domingo 17 de xullo de 2022 ás seguintes persoas:

Rosa Bouza Tellado, con DNI 35540798T, nada o 1 de marzo de 1949, pola súa vida dedicada ao eido empresarial no sector do granito.

Emilio Rodríguez Lorenzo, con DNI 35543395T, nado o 24 de setembro de 1953, pola súa vida adicada ao sector da hostalaría e a súa vinculación co eido asociativo.



María Jesús Giráldez Ferreiro, con DNI 76889335J, nada o 27 de outubro de 1948, pola súa vida adicada ao sector do comercio como libreira.

Dar traslado deste acordo ás persoas nomeadas.”

VOTACIÓN: Sometida a votación a proposta de homenaxear a Salcedenses distinguido/as, esta resulta aprobada por UNANIMIDADE dos TRECE membros presentes nesta sesión.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Dación de conta de decretos dende o núm. 2022-0488 de 25 de abril ata o núm. 2022-769 de 23 de xuño.

Queda dada conta dos decretos dende o número 2022-0488 de 25 de abril ata o número 2022-769 de 23 de xuño.

Petición de comparecencia da Sra. Alcaldesa en relación ao proceso de solicitude de subvención para a consecución dun centro de día para o Concello.

Sra. Alcaldesa: O Partido Popular fai unha petición con data 21 de xuño de comparecencia *“comparecencia da Sra. Alcaldesa no vindeiro pleno ordinario a celebrar o día 30 de xuño para dar conta e explicacións públicas sobre todo o proceso e decisións tomadas o respecto de ter solicitado unha subvención para a consecución dun Centro de Día para o noso Concello”*, dicir que eu podía comparecer neste pleno ou podería deixalo para o pleno seguinte, aceptei comparecer neste pleno en relación con dar conta e explicacións sobre todo este proceso de decisións tomadas ao respecto de ter solicitado un centro de día para Salceda, fago a seguinte comparecencia:

En primeiro lugar teño que agradecer ao Partido Popular que pida esta comparecencia, que pida a miña comparecencia, que a pida aquí que creo que é onde debo dar explicacións e tamén onde deben pedirmas, mágoa, compañeiro do Partido Popular, que non o fixera antes de verter acusacións na prensa e nas redes sociais, de crear a polémica que se creou, pero agradezo que pida esta comparecencia no día de hoxe aquí.

Con data 7 de marzo publicase no DOGA o acordo marco do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar coa Federación Galega de Municipios para o desenvolvemento do plan de inversións para construción, reforma ou ampliación de equipamentos sociais públicos municipais con cargo a fondos europeos procedente do mecanismo de recuperación e resiliencia a través do convenio entre o Ministerio



de Dereitos Sociais e a Axenda 2030 coa Comunidade Autónoma de Galicia. Nese convenio, indicábase que para participar neste plan de investimentos deberíamos realizar a solicitude ao Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ata o día 22 de abril e que para construción de centros de día podían concedernos ata un importe de ata 600.000€. Sendo conscientes da necesidade dun centro de día, en conxunto coa Concellería de Benestar Social que dirixe Gela Ledo e co departamento de urbanismo que eu mesma dirixo e do que son responsable, puxémonos a traballar nun proxecto de centro e día para poder solicitalo en prazo. Como todos sabemos e como xa expliquei dende un principio, no PERI-2 dispoñíamos dunha parcela con todos os trámites urbanísticos rematados e outra na que se levaba tempo traballando dende urbanismo e que era cuestión de poucos meses rematalos, iso creo eu, compañeiro do Partido Popular, que non é comezar a casa polo tellado, porque os deberes xa os víñamos facendo e concretamente dende o departamento de urbanismo que dirixo eu. Tiñamos terreo de abondo para solicitar o proxecto e así o fixemos, que considero que é a miña e a nosa obriga. Neste punto quero destacar que a suposta segunda fase do PERI do centro de saúde da que falou o Partido Popular todos estes días, segunda fase do PERI que iatardar de 5 a 8 anos a desenvolverse, iso dicíao o Partido Popular, na nota de prensa do 9 de maio, non é tal porque realmente non existe unha segunda fase do PERI. O PERI está aprobado dende o ano 2014 como se pode ver e o pode ver toda a veciñanza nos paneis informativos que temos na entrada do Concello, non hai unha segunda fase do PERI. O único que faltaba era a reparcelación do polígono II. Digo isto e quero recalcalo porque o compañeiro do Partido Popular dixo varias veces a palabra “engano” nos últimos días, creo que non utilizar os termos ou non coñecelos, espero que sexa que é que non os utiliza e non que os descoñece, senón sería máis grave aínda, de chamarlle as cousas de distinto nome, iso si que é posible que de lugar a engano a veciñanza. O único que faltaba era a reparcelación do Polígono II dun PERI que xa estaba aprobado na súa totalidade, que é o que neste intre está en exposición pública dende o 23 de xuño. Un PERI, dous Polígonos que é diferente ao que o Partido Popular dicía e do que debe ser coñecedor.

Aclarar tamén que presentar o Centro de Día na parcela onde se había presentado un proxecto de escola infantil non onde se había cedido ningún tipo de terreo non é ningún engano. Primeiro, porque como dicía antes, a Xunta de Galicia nin sequera ten aberto o expediente da Galiña Azul, tal como se nos resposta en sede parlamentaria a unha pregunta do Partido Socialista que xa expliquei na moción debatida antes, co que supón que non hai ningún terreo comprometido. Ao mellor neste Concello durante 30 anos traballouse facendo un proxecto e sentándose a esperar haber si saía sen buscar outras oportunidades, pero eu non traballo así, non goberno así, unha Alcaldesa e un equipo de goberno debe aproveitar todas as oportunidades e se ten posibilidade de ter financiación para un centro de día, debe aproveitala. Un servizo tan necesario como o centro de día ten que ser aproveitado e iso non significa, e o dixen dende un primeiro momento, renunciar á Galiña Azul nin renunciar a ningún dos dous servizos e das dúas infraestruturas que eu considero imprescindibles para Salceda e ademais cando hai terreo suficiente para todo. Si nos



conceden o centro de día que é o que se resolverá primeiro, que acabamos de instar á Xunta de Galicia que faga o centro de día, hai que esperar, iso é unha declaración política á que nos sumamos e nos sumamos todos pero haberá que esperar a que resolan o centro de día que ten un prazo breve. Si se resolve primeiro o centro de día, que así será porque a Galiña Azul nin ten expediente aberto, si nos conceden a subvención ou non farase na parcela urbanizada e si tivéssemos a Galiña Azul tamén, que oxalá, que entendo que será con efectos menos inmediatos, pois tal como expliquei antes non hai nin expediente aberto cousa que non xustifica. É , a Xunta ten que abrir expediente, estudar a nosa petición e levala a cabo, nese caso teríamos outra parcela, que se aprobará a reparcelación definitiva nos próximos meses e todos sabemos, os que estamos aquí nesta corporación, que podería urbanizarse a trozos e incluso ao mesmo tempo que a construción, como se fixo o centro de saúde, urbanizando ao mesmo tempo que se construíra, porque incluso o proxecto de urbanización do polígono II xa está aprobado tamén dende 2019.

Aclarar tamén que todo o proceso de elaboración do proxecto e terreos se fixo en todo momento en contacto co persoal técnico do Consorcio de Benestar, cumprindo todos os requisitos esixidos, co cal, o Partido Popular tamén debería retirar o que dixó en prensa de que os funcionarios da Xunta deberían estar partíndose de risa cando chegou o proxecto de Centro de Día ou cando mirou os dous proxectos, porque se traballou sempre en conxunto co persoal técnico e cando menos é desafortunada esa falta de respecto ao persoal funcionario da Xunta de Galicia. E cumprindo todos eses requisitos dos que falabamos, presentouse o 21 de abril, dicir que dende o 27 de marzo ao 21 de abril tivemos que elaborar un proxecto de centro de día, imposibilidade de buscar terreo noutro sitio ou de buscar outras opcións cedidas e que cumprisen as características do Centro de día. Presentouse o 21 de abril a solicitude por un importe de 606900 € máis IVE, por certo, teño que recoñecer o fantástico traballo do equipo de urbanismo nun tempo récord, que foi o que nos deixou a Xunta de Galicia para realizar o proxecto de centro de día, grazas ao cal temos o primeiro proxecto de centro de día para Salceda.

Estas foron as decisións que se tomaron en todo este proceso realizado. Xa para rematar, me parece inaudito que unha Alcaldesa teña que comparecer por facer o seu traballo, que é xestionar e aproveitar os recursos e todas as oportunidades posibles para poñer servizos a disposición da veciñanza. Si teño que comparecer por iso oxalá teña que comparecer todos os plenos que quedan de esta lexislatura. Si o PP considera que aproveitar ao máximo as posibilidades de subvencións que as diferentes administracións públicas poñen a disposición do noso Concello é enganar a cidadanía, é que vostedes teñen un concepto equivocado do que é gobernar. Gobernar non é caer na inacción de presentar un proxecto, sentarse a esperar, non buscar outras oportunidades e perder as mellores oportunidades que pode ter a nosa Vila, poñendo escusas de que si non hai dispoñibilidade de terreos e que os trámites urbanísticos se dilataran anos e anos. Hai que xestionar e iso é o que estou facendo eu e é o que se está facendo con todo o equipo de goberno, ademais, volvo a lembrar ao Partido Popular, que mellor farían reclamar ao Consorcio Galego de



Servizos de Igualdade e Benestar que atenda as dúas peticións tanto a da Galiña Azul como a do Centro de día, tan necesarias para a nosa veciñanza e pedirlle explicacións á Xunta, porque a día de hoxe non ten aberto o expediente da Galiña Azul, xa que entendo que o centro de día estamos en tempo e hai que esperar a que resolvan, en lugar de pedirme explicacións a min xa que o noso traballo está feito e só queda pendente que faga a Xunta de Galicia o seu.

Sr. Rodríguez Davila: Sra. Alcaldesa o triste é que teñamos que pedir a súa comparecencia para que se explique, o normal é que comparecera e nos explicara non que nós tiveramos que solicitala. Vostede cree que si este grupo maioritario da Corporación non fixera pública a discrepancia e a utilización da mesma parcela para as dúas finalidades, como foi o caso que fixeron vostedes dende o goberno, estaríamos hoxe aquí falando deste asunto tanto coa moción que se aprobou fai un momento como agora coa súa comparecencia? Vostede non cree que o sensato, o serio, o razoable, sería informar á Corporación do cambio de criterio do goberno con respecto desa parcela, despois daquel acordo unánime plenario respecto da Galiña Azul e informarnos desa subvención, que de seguro estaríamos todos de acordo sen ningún tipo de problema? Porqué vostede oculta e ocultou esta información? Que non se destapase a discrepancia interna que existe no goberno e como quedou de manifesto publicamente neste pleno no día de hoxe, iso é o que vostedes pretendían, telo tapadiño e caladiño a ver si non se decatan os veciños e así pasamos de puntillas por este asunto. Non hai ningún problema, hai unha subvención, unha oportunidade señores membros da Corporación, na Comisión Informativa se da conta e alí o debatemos e o acordamos, estou convencido de que non habería ningún problema e non existiría o que existiu esta semana. Pero vostedes como van facer público esa discrepancia que hoxe quedou aquí de manifesto. Movemento Salceda segue defendendo que esa parcela se utilice para a Galiña Azul e vostede defende como criterio pedir esa subvención para pedir ese centro de día. Este grupo está totalmente de acordo en solicitar esa infraestrutura de centro de día porque así o plantexamos nós, nesa parcela nas eleccións de maio do ano 2019, como dixen antes, fomos o único partido que se presentou as eleccións en maio do ano 2019, que plantexamos as dúas infraestruturas con terreo concreto e conciso, as dúas e apoiado, recordo, maioritariamente polo veciños, por iso temos seis concelleiros fronte a catro e a tres. Esa é a realidade, polo tanto a coherencia é a que nós unha vez máis demostramos aquí neste pleno.

Sra. Alcaldesa, grazas, grazas por copiar e ter a ben sumarse á proposta deste partido respecto desa parcela e respecto da solicitude do centro de día para esa parcela. Polo tanto, as nosas felicitacións, o noso recoñecemento de que cando vostedes rectifican acertan e polo tanto vamos estar de acordo nisto igual que as cousas sensatas e coherentes que plantexe o goberno para os salcedenses. Nós non nos tiramos ao monte nin somos radicais, nós somos coherentes e queremos debater as cousas, o que nos entristece é que o goberno non sexa transparente e non faga coparticipe e non informe ao grupo maioritario do que vostedes se traen entre mans, para ocultar o que dixen anteriormente, polo tanto como digo, a felicitamos xa que cando



rectifican acertan. Oxalá fixeran máis caso a este grupo e outras cuestión seguro que mellor nos iría, porque o tempo en moitas ocasións nos da a razón e lamentablemente as saca a vostedes e iso vai en prexuízo en detrimento dos salcedenses.

Nós estamos de acordo co solicitado, non estamos de acordo como se solicitou dado ese acordo previo plenario que existía sobre esa parcela, agora dito esto e dito que quedou patente e claro tanto polas manifestacións feitas no día de hoxe aquí neste pleno polos diferentes grupos, como tamén pola documentación oficial obrante no expediente, nós estamos totalmente de acordo e apoiamos e estamos convencidos de que temos bastantes posibilidades de conseguir ese obxectivo de contar con ese centro de día no noso Concello e nós, non caiba ningunha dúbida, que vamos a traballar e aportar o que poidamos dende o lugar que nos pida botar unha man nese sentido, pero como vostede ben sabe, son criterios técnicos de avaliación e de puntuación quen o vai a decidir, polo tanto non é solo arrimar o ombreiro, que tamén, senón todo aquilo que está nas bases de convocatoria desa subvención. Lle pregunto Sra. Alcaldesa, vostede polo que dixo segue a defender a ubicación dese centro de día na parcela da que estamos falando, sabía Movemento Salceda da solicitude por parte de vostede respecto de utilizar esa parcela para dotar, construír ese centro de día sobre a mesma? Si o sabía estaba de acordo ou non estaba de acordo con esa petición? E si o sabía e estaba de acordo, porqué se desmarcou publicamente de esa posición da Alcaldesa respecto da solicitude do centro de día de esa parcela?.

Sra. Alcaldesa: Agradécelle que estea de acordo co proxecto e de que valore positivamente o traballo feito por esta Alcaldesa. Movemento Salceda sabía que se ía solicitar, si estaba de acordo ou non o acaba de dicir ela mesma na súa moción anterior. Dous partidos que podemos discrepar opinións diferentes pero que traballamos conxuntamente como o pobo ten visto en moitas ocasións para a veciñanza de Salceda. Creo que a transparencia está clara, solicitouse unha subvención como se solicitan moitísimas, por certo, cada vez máis, aproveitando todas as oportunidades que se nos presentan. Publicouse que se había solicitado esa subvención dentro da liña que saía, fíxose público, o que non vai entrar esta Alcaldesa é nunha disputa sen sentido nas redes sociais ou na prensa. Vólvolle a dicir, agradezo a comparecencia aquí, o meu xeito non é ese, entendo que a unha parte ou a algunha xente lle gustará e a outra xente non lle gustará, pero creo que o importante aquí é que solicitamos un centro de día, que o fixemos nun tempo récord de escasamente 40 días e temos o primeiro proxecto de centro de día deste Concello e que traballamos, ou iso tiña entendido despois da moción de antes, conxuntamente os trece membros desta Corporación para ter a dúas infraestruturas. Creo que os veciños non merecen nin quereren as discrepancias na prensa nin nas redes sociais, os veciños merecen unha segunda Galiña Azul e un centro de día e iso é o que fixo esta Alcaldesa traballando, como dicía antes, dende urbanismo e en conxunto coa Concelleira de Benestar Social responsable da área.



Sr. Rodríguez Davila: Di vostede debate nas redes sociais, eu como portavoz de este Grupo o que fixen foi informar aos veciños sobre unha situación que se ratifica e se plasma claramente no pleno de hoxe, onde eu fixen debate nas redes sociais? Eu informei. Debate nas redes sociais tiveron vostedes, vostedes chamándose de todo e dicindo “dades pena”, persoas afíns ao Partido Socialista digo.

Sra. Alcaldesa: Desculpa, perdoa que te interrompa, si a Alcaldesa fixo algún tipo de declaracións ten todo o que queira para dicilo pero en ningún momento eu chamei de nada a ninguén nin entrei neste debate de quen tiña razón ou quen deixaba de telo, si era necesario ou non, esta Alcaldesa dixo: son necesarias estas dúas infraestruturas para Salceda e non se vai renunciar a ningunha e esa é a miña responsabilidade e son as explicacións que lle teño que dar á veciñanza, non poña na miña boca ningunha das palabras que non dixen, porque non dixen ningunha declaración en contra de nada, nin ningunha declaración en contra destas infraestruturas, aclarado isto déixolle terminar e perdoe que o interrompa.

Sr. Rodríguez Davila: Si vostede está nerviosa e non lle gusta escoitar o que está escoitando non é problema de este grupo, eu o que dixen e reitero, vostede fala do debate nas redes sociais, eu non fixen ningún debate nas redes sociais, non entrei en ningunha polémica en redes sociais, eu informei aos veciños nas redes sociais sobre unha situación real, concreta e concisa e que hoxe neste pleno quedou de manifesto publicamente. Vostede como ben dixo aquí, forma parte dun partido político e ese partido político, persoas afíns a ese partido político que están con vostede na executiva, discrepou abertamente nas redes sociais co outro grupo de Movemento Salceda publicamente e chamándose de todo no sentido da expresión “dades pena” “só fixo por trabas e rodas nos paus”, “iso de Movemento Salceda puxo paus nas rodas e un pouco difícil de entender” “precisamente foi Movemento Salceda “non sei que pretenden con esta publicación quizais propaganda barata”. Iso din membros do Partido Socialista sobre Movemento Salceda, que o Partido Popular nas redes entrou en debate non, eu nunca contesto nas redes sociais eu publico e informo, con máis acerto ou con menos acerto, pero informo sobre cousas concretas e reais e neste caso con cousas reais e concisas. Insisto Sra. Alcaldesa, a día de hoxe e hai case dous meses, mes e algo, que empezamos con este tema, a día de hoxe o Concello de Salceda non ten dúas parcelas para facer dúas infraestruturas no Concello, e quero que se sexa concisa e lle diga a verdade aos veciños, non ten dúas parcelas ten unha única parcela. Punto dous, vostede e o seu goberno romperon o acordo plenario existente sobre a parcela para ubicar a Galiña Azul sobre o mesmo, vostedes, non este grupo político que incluso renunciou a ubicación inicial da nosa proposta que era Fontán, por todos coñecida e avalada nas urnas, para mandar unha mensaxe unánime ao respecto e vostedes o goberno, que pide unidade e que di non hai fisuras ao respecto, vostedes os dous grupos do goberno non están de acordo sobre a mesma, vostedes, non este grupo que se suma nas propostas de interese xeral dos veciños, renunciando como digo a nosa ubicación da Galicia Azul e avalada nas urnas. Polo tanto non pidan para os demais o que para vostedes mesmos non son capaces de conseguir internamente. En terceiro lugar, o dixen ao principio, alégranos moito



que vostede pedira esa subvención para o Centro de Día por suposto que si, e que é a súa obrigación pedir todas e cada unha das subvencións que poida optar este Concello non está facendo nada anormal ou paranormal, non, está facendo o sensato, o coherente e o serio, pero o que non está facendo o coherente, serio é a forma en que o fixo, sen informar aos membros da Corporación porque, reitero, para que valen os acordos plenarios si ao final os rompemos, non lle damos validez no tempo e os tiramos ao lixo á volta da esquina? Para que nos esforzamos aquí todos en intentar consensuar despois das discrepancias deixando a un lado, como dixeran, a nosa ubicación da Galiña Azul para apostar por esa ubicación se vostedes membros do goberno rompen e tiran ao lixo? Non merecemos unha explicación ao respecto? Por iso lle pido a explicación, porque si nós non chegamos a pedir esta comparecencia hoxe, vostede non estaría dando estas explicacións aquí, nin nós nin ningún veciño sabería do sucedido ao respecto. Creo que unha cousa é o fin de pedir a subvención, que estamos de acordo e o fin da mesma, que é o centro de día, que tamén estamos de acordo e outra cousa son as formas. Creo que hai que ser un pouco máis coherentes á hora de que cando un cambia de posicionamento dar conta do mesmo, que non pasa nada. Si vostede convocara a Comisión informativa ao respecto, nos dera traslado ao respecto do cambio de posicionamento, seguramente estaríamos de acordo como estamos a día de hoxe, iso é o que tería que haber feito vostede dende o primeiro momento e non o que fixo, que é o que nos lle recriminamos.

Remato xa, quedou ben claro o posicionamento interno do goberno, as discrepancias ao respecto e insisto, a día de hoxe a 30 de xuño o Concello só ten unha parcela, é terá dúas? Si no futuro próximo si, oxalá canto antes, pero a día de hoxe, Sra. Alcadesa, non ten dúas parcelas e vostede leva meses defendendo que hai dúas parcelas, non existe porque está en exposición pública esa reparcelación, porque hai que esperar aos recursos, alegacións, porque hai que aprobalo definitivamente e despois hai que publicalo e hai que inscribir esas parcelas resultantes no Rexistro da Propiedade, e despois a partir de aí poderá dicir vostede que o Concello ten dúas parcelas, perfecto, pero a día de hoxe no, e dicir o contrario e faltar a verdade e vostede o sabe. Vostede non pode manter a día de hoxe o que está dicindo sobre a mesma, hai unha única parcela. Agradezo tamén que vostede tivera a ben comparecer no pleno de hoxe, que non esperara ao seguinte, a petición de comparecencia é que este Grupo e os salcedenses merecemos que nos explicara como foi o procedemento e si estaban de acordo ou no internamente no goberno ao respecto, cousa que xa quedou claro que non estaba. Pola nosa parte remato como empecei, agradézolle que tivera a ben sumarse a proposta deste partido tanto na ubicación como tamén entorno do centro de día, avalado nas urnas polos veciños e que agora vostede como Alcadesa solicita ese centro de día como nós propoñíamos en maio do ano 2019. Estou convencido e vamos a traballar para que esa concesión sexa unha realidade canto antes e que os nosos maiores poidan ter unha nova dotación para que poidan disfrutar e pasar alí moitos días das súas vidas logo de moito sacrificio e traballo.



Sra. Castiñeira: Creo que é de xustiza recoñecer o traballo feito por compañeiros e neste caso por Marcos, Alcalde e Tere, Concelleira, que no seu momento puxeron a disposición a parcela, enviouse o proxecto e a documentación descritiva, rexistral e catastral da mesma, solo quería puntualizar iso porque creo que é de xustiza recoñecer o traballo feito.

Sra. Alcaldesa: Non sei en que momento non se me entendeu, creo que houbo dúas notas de prensa por parte desta Alcaldía a primeira dicindo que se había solicitado o centro de día, a segunda aclarando que había unha parcela con todos os trámites urbanísticos feitos e outra na que faltaba a parcelación, que en ningún caso serían os cinco o oito anos que dicía o Partido Popular e iso está dende o primeiro momento. Eu nunca lle dixen a ninguén que había dúas parcelas no momento da solicitude de centro de día, eu dixen que había unha parcela con todos os tramites urbanísticos feitos e outra que quedaban pendentes simplemente a reparcelación, e o dixen dende un primeiro momento, están nas notas de prensa e o acabo de dicir na comparecencia. Volvo lelo: como todos sabemos e como xa expliquei dende un principio, no PERI-2 dispoñíamos dunha parcela con todos os trámites urbanísticos rematados e outra na que se levaba tempo traballando dende urbanismo e que era cuestión de poucos meses rematalos, tiñamos terreo de abondo para solicitar o proxecto e así o fixemos, seguimos todos os criterios que nos poñía o Consorcio, seguimos os procedementos que seguimos en todas as subvencións, sae unha subvención con tempo de apenas 40 días para presentar un proxecto, os informes, facer a solicitude, etc... e foi o que fixemos. O que non pode pretender o Partido Popular é dicir que enganei a xente porque non é certo, están nas notas de prensa, por certo notas de prensa nas que esta Alcaldesa non ia en contra de ninguén, simplemente indicaba e informaba do que se solicitara e como se fixera. Volvo a dicirlle, agradezo un montón que pedira a comparecencia hoxe aquí e pido que me fagan comparecer todo o que queiran sempre e cando sexa nestas cuestións que é facer o meu traballo, comparecer para dar explicacións de facer o traballo que ademais o compañeiro do Partido Popular acaba de dicir que está ben feito. É dende logo unha honra para esta Alcaldesa, fágame comparecer sempre que queira. Tanta polémica e agora resulta que é mérito de todos menos de quen o fixo. O mérito será da veciñanza cando teña o centro de día que polo que esta Alcaldesa e este equipo de goberno seguirá a traballar.

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

ROGOS:

Sr. Rodríguez Davila:

1º) Rógolle ao goberno, nos consta a situación do muro do Campo da Gándara na esquina na entrada fronte os chalets, cada vez está en peor situación, polo tanto é de



urxente necesidade darlle unha visualización aquilo e tomar medidas antes de que poida pasar calquera acontecemento que ninguén desexa.

Sra. Alcaldesa: Recollo o rogo, xa nos foi traslado, xa falamos coa directiva, xa estamos tamén en intentar facer uns trámites de urxencia para poder arranxalo e vamos a mirar ata onde podemos chegar e como.

2º) No Campo da Gándara, concretamente na esquina onde están os eucaliptos enormes como tamén ao lado do centro de saúde, son vostedes coñecedores dende fai máis de dous anos, case tres anos, da necesidade de corta deses eucaliptos e desas árbores, creo que é tempo de que se tomen medidas e se eviten as posibles consecuencias. Cónstame que algo intentaron e a lei os ampara para que executen esa corta, hai que facer un procedemento pero a lei os ampara. Noutros Concellos o están facendo, eu o que lle pido e que executen e logo xa se cobrará a execución, a seguridade tanto dos deportistas no Campo de Caselas como tamén das persoas usuarias do entorno do Centro Médico como do propio centro médico están por enriba de calquera cousa. Son consciente da burocracia e dos trámites pero creo que hai cousas que hai que tomar decisións ao respecto.

Sra. Alcaldesa: Fíxose unha petición á Xunta de Galicia, ao SEAGA e nos dixeron que en urxencia o farían e despois nos comunicaron que non o podían facer. Dito isto, todo iso de poñerse en contacto co SEAGA, a desesperación de non poder facelo doutra maneira, temos un procedemento aberto, como saberás está publicado en todos os boletíns para poder entrar a cortar. Cando houbo o incendio estiveron pola mañá alí eu e os Concelleiros, estiveron alí pola tarde tamén, de feito de urxencia trouxen o madeireiro para que cortara sobre todo os que causaban máis perigo, xa ten coñecemento que a persoa propietaria non nos deixou nin entrar, non quería deixar nin sequera enfriar a zona de incendio, estivemos alí coa Garda Civil e Policía Local e seis o sete persoas da patrulla anti-incendios, foi imposible, nos recomendaron que por cuestión de saúde desa persoa era mellor non entrar, seguimos en tratos con ela por si conseguimos, dada a súa avanzada idade, facelo dunha maneira máis segura e de aí xurdiu que meteron fai un par de semanas, un madeireiro, unha solicitude que tiña autorización, que xa por fin lle deran autorización para cortar todo aquilo do Centro de Saúde e que nos pedía autorización e xa lle dixemos que podían cortar cando quixera. A solicitude está presentada en nome da persoa propietaria.

Sr. González Coto: Podo engadir que esa mesma empresa se puxo en contacto co departamento de Medio Ambiente e Medio Rural de Salceda para comunicarnos que a semana que ben virán a facer a corta probablemente no Centro de Saúde, que era onde tiñabamos a urxencia, pero está tamén falando coa señora, tanto o madeireiro como a miña persoa para intentar cortar tamén os do Campo da Gándara.

3º) Solicitamos que se faga un escrito por parte do Concello, dende a Alcaldía, dirixido a Consellería de Infraestruturas, creemos, valóreno vostedes si a si o teñen a



ben, creo que é necesario que se mellore a protección dos peóns, sobre todo dos máis cativos, sobre todo na ponte da Lagüela xa que agora por sorte temos esa infraestrutura peonil posta en marcha fai unhas semanas, vemos que alí hai un risco de que un cativo se poida colar por esa protección, polo tanto solicitamos que se faga ese escrito para que se revise.

Sra. Pérez Cabaleiro: O pasado 24 de febreiro de 2021 xa presenteí este rogo, volvo a facelo pola necesidade que expoñen os veciños, nese momento se dicía que as estradas e viarios dalgúns puntos da parroquia de San Xurxo, como moitos outros das parroquias de Salceda, encóntranse nunha situación lamentable, concretamente a día de hoxe as circunstancias nas que se atopa o barrio de Casás son deplorables, é por isto que o Grupo Municipal Popular considera necesaria e urxente unha obra de reparación e asfaltado no estreito da estrada que conecta Casás e Maceira e Casás e a antiga Cámara Agraria. Unha obra beneficiosa para os veciños da parroquia e toda a veciñanza en xeral que circula por este viario.

Sra. Castiñeira Alén: Recollo o teu rogo porque ademais se debateu en varias ocasións nesta sesión plenaria na que todos estabamos de acordo, todos e todas de reparar ese treito e ademais trouxemos a este pleno a aprobación do proxecto do Plan Concellos de pequenas obras nas que ían incluídos diferentes treitos en diferentes parroquias e unha delas era este. O proxecto foi aprobado en sesión plenaria por unanimidade, remitiuse á Deputación, ten que aprobalo porque forma parte do Plan Concellos que como sabedes este ano é bianual, unha vez pase a aprobación da Deputación asegúroche que vamos a traballar a reo para sacar esa licitación canto antes e non só a necesidade de Casás, senón as de outras moitas parroquias que por fin se verán atendidas.

Sr. González Souto: O Pleno pasado propuxemos iniciar a modificación da Ordenanza do ICIO, no relativo a obras para execución de proxectos de enerxías renovables e obras de accesibilidade en vivendas para persoas de mobilidade reducida, o volvo a plantexar porque miro que neste pleno non se trae nada, no pleno pasado falamos de que había que pedir uns informes preceptivos e a min gustárame insistir para que a burocracia non free este tipo de medidas, aínda que fora o Partido Popular quen o propuxo, que tomen vostedes o guante e que saquen canto antes a diante esta modificación que lles plantexamos no pleno pasado.

Sra. Alcaldesa: Tal como dixen, que se ía a tratar a modificación completa porque había outras cousas que tampouco estaban ben. É verdade que co tema dos proxectos europeos o departamento de urbanismo estamos a tope, ten que traballar primeiro o departamento de urbanismo para poder traballar o departamento de intervención e é verdade que nos gustaría que fora antes pero é complexo, temos os prazos que cumprir, intentaremos facelo canto antes.



En canto aos bordillos do carril bici, dicir que estamos en contacto, estano estudiando e de feito creo que lle comunicaron a Javier hoxe ou onte que estaban estudiando o tema e que teríamos algunha resposta.

PREGUNTAS:

Sr. Núñez Troncoso: Vai en relación a outra pregunta que fixera en abril respecto aos roubos acontecidos na nave do Torrón no último ano e medio, se pediu por rexistro o 14 de maio, en concreto se pediu o número de roubos, furtos producidos nos dous últimos anos, copia das denuncias presentadas e das resolucións xudiciais derivadas de tales denuncias, pediuse copia da póliza do contrato de seguro de dita nave, se pediu copia dos documentos indemnizatorios percibidos, no seu caso, da compañía de seguros e a maiores pediuse tamén o expediente completo dende a petición de solicitude de subvención ata a declaración, resolución definitiva do expediente da declaración de perda de dereito ao cobro de adquisición de mobiliario urbano, rexistro de 2016, se nos contesta o día 20 unicamente co atestado do último roubo do 30 de marzo, qué pasa co resto da documentación? Porqué non se nos aporta o resto da documentación que está solicitada nese rexistro?

Sra. Pereira González: Efectivamente había máis documentos, se abriu o expediente tras a túa petición e eu mesma me comprometín a cargar os documentos, porque moitos deles estaban en papel e os tiña eu no meu despacho, empecei a cargalos e continúei con outras cousas e se lle deu rexistro de saída sen estar rematado de cargar, esta mesma semana cando me dispuña a continuar onde o deixara, xa vin que estaba o acuse de recibo e que xa se che entregara esa primeira denuncia que fora a única cousa que cargara. Na próxima semana cargo toda a documentación e volvemos a darlle rexistro de saída, quedoume a medias e saíu sen ter completo o expediente.

Sr. González Souto: Na nosa labor fiscalizadora solicitamos ao Concello que nos dera certa documentación por rexistro, entregóusenos por rexistro unhas facturas, atopamos unha factura de compra de repostaxe vinculada ao tractor do Concello, si xa é curioso que quen vende o gasóleo é un Concello ao noso Concello, é máis curioso que o tractor reposte a 221 Km deste Concello, para ser máis exactos a dúas horas e corenta e dous minutos en coche según Google Maps, en tractor non atopei a opción para mirar canto se tarda, máis exactamente en León, en Cacabelos, hai unha factura, me pregunto se houbo unha quedada tractoril algo agrícola e foron vostedes ata ala? Ou simplemente si a nós nos chama tanto atención supoño que isto terá unha explicación.

Sra. Pereira González: Igual que revisades o Rexistro de Entrada entendo que revisades igual o Rexistro de Saída, e a factura igual que entra pois nos a rexeitamos porque é unha factura que non corresponde, eu non xestiono a FACE que é punto onde entran as facturas, sabedes que é unha plataforma estatal, é o punto de recepción das facturas do estado e de aí se distribúen aos Concellos por iso cada



Concello ten uns códigos, nós lles damos os códigos ao provedor e o provedor rexistra a factura cos códigos que corresponden ao Concello de Salceda e aí nos chega a factura, porqué nos chegou a nós unha factura do Concello de Cacabelos? Pois non o sei, xa se ten dado algún erro dese tipo con algún outro provedor, entendo que é do propio programa de rexistro de factura, pero comprobarás que esa factura xa se devolveu, se rexeitou.

Sr. González Souto: O que é curioso que evidentemente ten o CIF do Concello esta factura e tamén ten a matrícula do propio vehículo, cando dis que non miramos o rexistro de saída, si que o miramos pero hai moita documentación e como comprenderás focalizamos a nosa atención en certas cousas e isto é unha cousa que claramente chama a nosa atención, exactamente a que atribúe vostede o erro?

Sra. Pereira González: Eu non xerei esa factura, como comprenderás, o Concello as recibe, entendo que algún problema no programa entre FACE e o provedor que emite as facturas, dende logo este Concello non emitiu esa factura e unha vez recibida a rexeitou.

Non hai máis asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

